Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo correspondente á sesión extraordinaria que se celebrou o mércores día 21de maio de 2008 ás 12 h 55 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

Camilo Vázquez García (CIG); Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Generosa Fernández Manín (AGPTU); J. Enrique Ares Gómez (UXT); Manuel Ramos Cabrer (UXT); F. Javier García Núñez (UXT);

Desculpan a ausencia Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Mercedes Suárez Pazos (CIG); X. Henrique Costas (CIG).

O punto único da orde do día foi:

1. Enquisas dos alumnos

O Presidente explicou que a Reitoría non estaba disposta a desvencella-las enquisas das retribucións económicas e, ademais, comentou que a medida de negarse a que os alumnos encargados de face-las enquisas entrasen ás aulas foi un fracaso.

Acordouse recoller sinaturas en cada centro e en cada departamento e tamén se acordou que, en cada centro, se instalase unha mesa con representantes das tres centrais sindicais que mostraron interese. Para que a comisión de enquisas organizase todo o proceso, decidiuse a reunión da mesma, en autoconvocatoria, para o día 27 de maio, ás 10 h 30. Por último, acordouse pedi-la implicación e a colaboración do PDI-Laboral.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13 horas 30 minutos.

Vigo, 21 de maio de 2008

O Secretario O Presidente

Asdo. Aquilino Alonso Asdo. Camilo Vázquez